



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: ADHESIÓN Á POLÍTICA DE FIRMA ELECTRÓNICA DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

EXPEDIENTE: 2023/G003/002275

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Segundo a definición do Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, publicado no BOE do 29 de xaneiro de 2010 (en diante ENI), unha política de firma electrónica e de certificados é o “conxunto de normas de seguridade, de organización, técnicas e legais para determinar como se xeran, se verifican e se xestiónan firmas electrónicas, incluíndo as características esixibles aos certificados de firma”.

Con carácter xeral, unha política de firma electrónica é un documento legal que contén unha serie de normas relativas á firma electrónica, organizadas ao redor dos conceptos de xeración e validación de firma, nun contexto particular (contractual, xurídico, legal), definindo as regras e obrigacións de todos os actores involucrados no proceso. O obxectivo é determinar a validez da firma electrónica para unha transacción en particular, especificando a información que debe incluír a persoa asinante no proceso de xeración da firma e a información que se debe comprobar no proceso de validación desta.

O apartado 1 do artigo 18 do ENI, establece que “A Administración Xeral do Estado definirá unha política de firma electrónica e de certificados que servirá de marco xeral de interoperabilidade para a autenticación e o recoñecemento mutuo de firmas electrónicas dentro do seu ámbito de actuación. Con todo, dita política poderá ser utilizada como referencia por outras Administracións Públicas para definir as políticas de certificados e firmas a recoñecer dentro dos seus ámbitos competenciais. Igualmente, o apartado 4 do mesmo precepto establece que “Os perfís comúns dos campos dos certificados definidos pola política de firma electrónica e de certificados posibilitarán a interoperabilidade entre as aplicacións usuarias, de maneira que tanto a identificación como a firma electrónica xerada a partir destes perfís comúns poidan ser recoñecidos polas aplicacións das distintas Administracións Públicas sen ningún tipo de restrición técnica, semántica ou organizativa”.

En desenvolvemento da devandita norma, con data 30 de maio de 2012, a Comisión Permanente do Consello Superior de Administración Electrónica aprobou a versión 1.9 da política de firma electrónica e de certificados (OID 2.16.724.1.3.1.1.2.1.9). Posteriormente, con data 13 de decembro de 2012 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Resolución do 29 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se publica o Acordo de aprobación da Política de Firma Electrónica e de Certificados da Administración Xeral do Estado e anúnciase a súa publicación na sede correspondente.



SEGUNDO. Neste contexto normativo, a Norma Técnica de Interoperabilidade de política de firma e

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

selo electrónicos e de certificados da Administración, aprobada pola Resolución do 27 de outubro de 2016 (BOE do 3 de novembro), da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, na súa sección II.5 sobre interacción con outras políticas, establece que «cada organización valorará a necesidade e conveniencia de desenvolver unha política propia fronte á posibilidade de utilizar un política marco existente». Ademais, na mesma sección indícase que “no caso de que nunha organización se desexe normalizar unicamente aspectos técnicos das firmas electrónicas, optarase por outro instrumento distinto dunha Política de firma e selo, como instrucións técnicas internas ou directrices de aplicacións”.

TERCEIRO.- O Pleno do Concello de Betanzos, na sesión extraordinaria realizada o 16 de novembro de 2023 acordou aprobar a Política de Seguridade do Concello de Betanzos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Política de firma electrónica e de certificados da administración xeral do estado, de data 29 de novembro de 2012 e publicada no BOE do 13 de decembro de 2012
- Política de Seguridade do Concello de Betanzos (BOP núm. 226 de 27 de novembro de 2023)
- Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade
- Norma Técnica de Interoperabilidade de política de firma e selo electrónicos e de certificados da Administración, aprobada pola Resolución do 27 de outubro de 2016 (BOE do 3 de novembro)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica.
- Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Examinada a política de firma electrónica e de certificados da Administración Xeral do Estado, considérase que é coherente coa normativa de administración electrónica do Concello de Betanzos e plenamente asumible nos seus aspectos técnicos, polo que, coa súa adopción pretende dar un paso claro para favorecer a interoperabilidade entre administracións públicas, o que redundará dunha maneira inmediata na simplificación de trámites para os cidadáns.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. RESOLVO:

PRIMEIRO.- Establecer a política de firma electrónica e de certificados da administración xeral do estado, de data 29 de novembro de 2012 e publicada no BOE do 13 de decembro de 2012, como política de firma electrónica e de certificados do Concello de Betanzos dentro do proceso de homologación da seguridade da información do Concello de Betanzos dentro do Esquema Nacional de Seguridade (ENS).

SEGUNDO.- Definir os seguintes datos como identificadores do xestor da política de firma electrónica:

- Nome do xestor: Alcaldía
- Dirección de contacto: seguridade@betanzos.gal

TERCEIRO.- Ordenar a publicación deste documento no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na sede electrónica deste Concello.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo aos interesados aos efectos oportunos.

QUINTO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A Alcaldesa

María Barral Varela



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).